





FERVENZAS DE ARCOS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 1 km
Dificultade: baixa
Duración: 30 minutos



Unha pequena ruta para coñecer unha zona de fervenzas e muíños no rego de San Tomé, un afluente do río Cañón (Umia) que baixa das abas do Castrove por terreos do concello de Meis. Na zona de San Tomé de Nogueira salva un desnivel en rochas graníticas con varios rápidos e fervenzas de pouca altura.

COMO CHEGAR:

Desde O Mosteiro (Meis) cóllese o desvío a San Tomé de Nogueira ata o lugar de Arcos. Pódese subir por unha pista de terra pola marxe dereita do río ou achegarse co coche pola marxe esquerda ata unhas casas e, desde alí, baixar a río ata unha pequena área recreativa e seguir por un carreiro pola beira, río abaixo.

